

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005  2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

*nº 21 (2025) SOLLA, Calros: As pedras que saben de nós (e II): Escolma de penedos
selleiros que, en Cerdedo, arrollan outras tantas redomas de saber popular*

© Calros Solla

Este artigo é continuación destoutro do mesmo autor: '[As pedras que saben de nós \(I\): Escolma de penedos
selleiros que, en Cerdedo, arrollan outras tantas redomas enchidas de saber popular](#)'

A Cabeza do Mouro

A croa do castro de Castrodiz, empolicada no cumio do montelo, érguese a 634 m de altitude e axuda a debuxar a estrema entre as parroquias cerdedesas de Castro e Figueiroa.



A superficie do curucho castrexo é duns 14.500 m², mentres que o seu perímetro murado acada, aproximadamente, os 445 m de lonxitude. O centro do recinto cadra nas seguintes coordenadas.- X: 547.652; Y: 4.711.042.

Hai unhas semanas, unha fugaz cata arqueolóxica exhumou no lugar unha sección do parapeto elíptico e mais parte dunha “casiña redonda”. Cantos máis aglaíes nos depararía a completa escavación do poboado prehistórico! Que pouco dura a alegría na casa do probe.

Deixándolle a arqueoloxía aos arqueólogos, pero sen abandonar a crisma de Castrodiz, o pobo tamén lle dá mérito ao penedo coñecido pola Cabeza do Mouro que, no rochedo granítico de poñente, fai por pasar desapercibido. Lémbrolles que atinxir o soarego da Cabeza do Mouro é un dos “doce traballos de Capitán Gosende” (léase *Faro de Vigo-Montes*, 26-8-2015). Supérase a oitava proba agatuñando ladeira arriba até dar co sitio, sen esquecer fotografar a proeza para facerse merecente da recompensa (coordenadas: X: 547.628; Y: 4.711.027).

Atesta a tradición que os engumiños de Castrodiz están furados coma formigueiro e que os mouros, formigas afanosas, ora investiron a pretérita eternidade na ripa do ouro en pozos e galerías, ora na empeta do prezado metal que eles mesmos obraban de foira; segundo se di: “o ouro que caghou o mouro”.

Agora ben, non debe ser alburgada o da moita riqueza gardada nos rochos do castro cando quen puido calar compuxo aquilo de “Castrodiz, se te minaren, enriqueceríase toda España!”, aclarando despois que España –non sei de ida ou vinda– remataba no Padornelo. Estamos a falar de ouro; daquela, vade retro, minadores do coltán!

Entre os estados de inopia e fartura interpónsenos o nafro petón da Cabeza do Mouro. No entanto, afalándolle con verba celmosa, ha virar nos seus gonzos, permitindo o acceso aos centos e milleiros. Fíense se queren cando lles digo –porque así mo fixeron crer– que a Cabeza do Mouro é a porta daquela caixa forte; non hai gardián máis ningún, que os seus donos, por propia vontade ou por obriga, xacando abandonaron o lugar marchando co posto e, destino incerto, non hai “esperanza do seu retorno”.

Pedraboa

Na marxe esquerda do río do Seixo, á altura dos Barreiros de Meilide (aldea de Cerdedo), atópase o lugar de Pedraboa (coord.- X: 550.273; Y: 4.707.675). O litotopónimo nomea un pouso ribeirán a son do antigo camiño dos defuntos, a vereira pola que, antigamente, se traían os mortos da Cavadosa para lles dar sepultura no camposanto de Cavenca. Quizais no século XVIII, a laboriosidade aldeá ordenou naquel relanzo a edificación dun muíño roulón, de pedra mourenza e cuberta a unha auga –hogano, as estrelas do ceo imbrícanse no cangado á falla de tella país.



A por de partillas é o de Pedraboa un muíño de herdeiros, esvaídos na néboa do absentismo. Os habelenciosos canteiros aproveitaron un bolouro granítico da ourela do río para alicerzar unha das esquinas da construción. A solución arquitectónica é tan acaída que non dubidariamos en razoar que o penedo foi quen lle outorgou o chamadeiro –muíño de Pedraboa–, mais, non tal.

Aventurei, liñas atrás, unha cronoloxía recuada para o enxeño farneiro, pois, tempo precisaría para o seu asento

a lenda que lle serve de adobío.

O relato recollino no libro *Almanaque de encantos. Mitoloxía da Terra de Cerdedo*, 2005, páx. 13; e reza: “O muíño de Pedraboia ... Os seus muros pousan sobre a pedra da fartura, toqueira de lontras. A abastanza débese engadar cunha presada de fariña. O óleo convén botalo no inferno do muíño, ao pé do rodicio. O agasallo afianza moendas fartas. A moa de Pedraboia é quen de converter un fol de cereal en fol e medio de fariña”.

Enténdase. Se principiando a operación de moenda, satisfacemos en especie o tributo á pedra –nume da cheúra–, o muíño prodígarase en froito mundo: “un fol de grau, fol e medio de fariña”. Aquí non vale o de “menos dá unha pedra”.

Arrombado o portento e acreditando a pés xuntos no desaproveitado milagre da multiplicación, afirmo que a tal “Pedraboia” non é o callimbro que sostén o muíño, senón o basto perpiaño que, pousado enriba dos valos de contención da presa anexa, regula o caudal destinado á rega dos agros e searas de Cavenca.

A cantidade de auga sobranse volvía ao río e, uns metros máis abaixo, xa pola marxe dereita, os veciños de Meilide desviaban o máis da porción regrada, embocándoa no empezo da presa Ghrande, que repartía o recurso hídrico pola agra da valeira. Durante a tempada de escaseza, a auga, garante da subsistencia, debía suxeitarse a uns estritos usos e costumes. Sábese que foi a fidalguía dos Gosende a que, mirando polo propio, obrou a infraestrutura e estableceu as quendas de rega. Tempo andado, as avinzas fixéronse consuetudinarias. Amiguiños si, pero a auga polo que vale.

Na presa Nova de Barro e Arén, unha pedra nomeada “o Módulo” cumpría unha función semellante, malia que, neste caso, os intereses sometidos a preito enleasen, no albear do século XX, os labregos coa hidroeléctrica de Dorna.

Hai unos anos, mentres pateabamos o recién constituído itinerario turístico Cavenca-A Cavadosa –o devandito camiño dos defuntos–, chegamos a Pedraboia. Chantado perto do muíño, un sinalizador de madeira “informaba” os excursionistas: “Muíño”. Canto carto desbaldido para advertirnos do obvio! Aproveitei a paraxe para relatarlles a lenda aos presentes. Un dos acompañantes non se puido resistir, tirou un rotulador da mochila e escribiu: “Muíño de Pedraboia”. Mal non lle viría ao indicador un código QR co que os visitantes beliscar puidesen no miolo. Muíños hai moitos; o de Pedraboia é único. Malo é non saber; peor é non querer saber.

Penaquetanxe

O outeiro de Penaquetanxe (tamén grafado Pena que Tanxe ou Pena que Tangué) é un dos fitos demarcativos das



parroquias e antigos concellos, de aí que na pedra cabalada, a carón dunha pía natural, se poidan ler as inscricións P†C e Cd.†C.T., é dicir, “Pedre/Corredoira” e “Cerdedo/Cotobade””.

O Drag recolle para “tanguer” ou “tanxer” (1ª acepción) o significado de “Tocar [un instrumento musical, unha campá etc.]”. A significación vénlle ao penedo coma unha luva, pois, dende que os pegureiros apacentan o armentío nas herbeiras da cuíña, Penaquetanxe valeulles de axente esconxurador das tormentas, conscientes do vezo do raio –ou chispa– por acometer a brouca do gando cornán.

Gorecéndose das inclemencias so o capacete da rocha, os pastores batían nela porfiados con varas e caxatos, así que sentían ao lonxe o bourar dos nubeiros: “Andan os zoqueiros por riba”; “Andan arrombando nos móbeis”; “Andan a envorcar no carbón”... Acompañábase a batedura coa seguinte fórmula cominadora: “Tente, trono; tente aí; que Deus pode máis ca ti!”. Xostreando na pedra e berrando o ensalmo con fe, unha e outra vez, disque se acababa por desviar a traxectoria do mal.

Quen nos dera, concello a concello, unha Penaquetanxe conxuradora da politicallada ruín. Mentres zorregásemos con ansia no avogoso petón, aforrariamos irles ao lombo aos secuaces glotocidas, etnocidas; cómplices da peste eólica e eucalíptica.

Penaquetanxe é paradigma en Cerdedo da Galiza vendida a intereses espurios. No devandito *Retrincos VI*, alertábase do proxecto de instalación na zona dun desmesurado parque eólico: “Se non o remediamos, Penaquetanxe, un ben etnográfico de valor indiscutíbel, estragarase para poder fincar no seu lugar unha macrotarabela que atinxirá os 163 m de altitude. E aínda que a instalación do aeroxerador T4-01 non destrúise Penaquetanxe, o atractivo do penedo non só radica na súa morfoloxía (pedra figurativa) e no trazo mítico que o singulariza (esconxuro das tormentas), senón tamén na súa posición preeminente e senlleira no alto daquel

parroquias de Pedre (Cerdedo) e A Corredoira (Cotobade). No libro *É ruín porque o fan. Retrincos da intrahistoria de Cerdedo VI* (2024) deixeiño escrito, para quen, no futuro, queira cangar coa cruz da divulgación reivindicativa: “Penaquetanxe (coordenadas.- X: 546.683; Y: 4.707.161; alt. 640 m) é, ademais, fito de deslinde entre

monte (visíbel dende a estrada N-541)”.

Deberan chover pés de muíño, e sen furar.

Marzo de 2025

Fotografías facilitadas por C. Solla. Títulos por orde, de arriba a abaixo: 'A Cabeza do Mouro, 'Muíño de Pedraboa' e 'Penaquetanxe'.